


CURSO
INTELIXENCIA
EMOCIONAL APLICADA
AO CÓDIGO
DEONTOLÓXICO DO
TRABALLO SOCIAL



COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublin, 6

15707 Santiago de Compostela | A Coruña

Tel. 981 568 100 | Fax 981 941 898






www.traballosocial.gal | info@traballosocial.gal



Indice

0.	INFORMACIÓN DO CURSO.....	1
1.	FUNDAMENTACIÓN.....	1
2.	OBXECTIVOS.....	2
3.	CONTENIDO.....	2
4.	PERSONAS DESTINATARIAS.....	3
5.	METODOLOGÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	3
6.	CALENDARIO/PLANIFICACIÓN.....	3
7.	AVALIACIÓN.....	4
8.	EQUIPO DOCENTE.....	4
9.	REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.....	5

0. INFORMACIÓN DO CURSO

 Duración	50 horas
 Lugar	En liña –Plataforma Moodle
 Datas	Do 16 de setembro ao 31 de outubro de 2021
 Horario	NA
 Prezo	Persoas colegiadas: 55€ Persoas non colegiadas: 75€

NOTA: A renuncia ás prazas adjudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en termos xerais antes do cinco días naturais anteriores ao comezo da acción formativa), ou por causa de forza maior xustificada documentalmente.

1. FUNDAMENTACIÓN

Nunha profesión como o Traballo Social a intelixencia emocional debería ser inherente ao/á profesional que a vai desenvolver, pero non podemos esquecer que nós como persoas tamén estamos influídos polas nosas características persoais, familiares, así como pola nosa contorna e o noso contexto cultural.

Traballamos por e para as persoas que, tamén, veñen influenciadas por estes aspectos; por iso cando xuntamos os compoñentes profesional-usuario as variables son múltiples e variadas e por isto falamos dunha atención individual porque cada persoa, cada familia, cada grupo de persoas que atendemos teñen unha idiosincrasia diferente.

A definición da nosa profesión recollida pola FITS e o noso propio Código Deontolóxico di: “ O Traballo Social é unha profesión baseada na práctica, é unha disciplina académica que promove o cambio e o desenvolvemento social, a cohesión social e o

fortalecemento e a liberación das persoas. Os principios da xustiza social, os dereitos humanos, a responsabilidade colectiva e o respecto á diversidade son fundamentais para o traballo social. Respaldata polas teorías do traballo social, as ciencias sociais, as humanidades e os coñecementos indíxenas, o traballo social involucra ás persoas e ás estruturas para facer fronte aos desafíos da vida e aumentar o benestar” FITS, Melbourne, 2014.

Destacan ademais, no Código Deontolóxico os principios básicos de DIGNIDADE, IGUALDADE e LIBERDADE e termos como o respecto, a atención individualizada ou a autoderminación.

É por iso que debemos darlle, ao contido da nosa norma básica, que regula os contidos éticos fundamentais, unha lectura dende as bases da intelixencia emocional, xa que iso nos fará profesionais máis estables, rigorosos e cunha maior capacidade crítica ante as inxustizas sociais pero tamén con argumentos e criterios para tomar decisións máis axeitadas no noso día a día, partindo de nós mesmos/as e enfocándonos en como podemos ofertarlle o mellor de nós, como profesionais, ás persoas atendidas.

A través das lecturas dos módulos, as actividades e cuestionarios e a participación no foro trataremos de ser conscientes de nós mesmos, de como atendemos ás persoas usuarias dos nosos servizos, da/s persoa/s que temos diante e como a valoración e diagnóstico debe axustarse aos criterios legais e normativos pero tamén aos máis fundamentais como seres humanos: o respecto e a tolerancia.

2

2. OBXECTIVOS

- Obxectivo 1. Descubrir o que a intelixencia emocional nos pode aportar persoalmente no desenvolvemento da profesión.
- Obxectivo 2. Atopar no noso código deontolóxico aqueles aspectos nos que os principios básicos da intelixencia emocional son fundamentais.
- Obxectivo 3. Encaixar a intelixencia emocional coa nosa normativa básica.

3. CONTIDOS

- MODULO I. Intelixencia Emocional. Definición e principios básicos.
- MODULO II. Coñecemento persoal. Situación persoal e profesional. O síndrome do queimado e as estruturas das entidades.
- MODULO III. As persoas usuarias e a súa bagaxe.
- MODULO IV. Código Deontolóxico. Aspectos onde máis se debe desenvolver a Intelixencia Emocional.
- MODULO V. O que aporta a intelixencia emocional ao noso Código. Camiñando xuntos para acadar a excelencia persoal e profesional.

4. PERSOAS DESTINATARIAS

A formación esta pensada para atender as necesidades formativas daquelas persoas con diferentes perfís, como son:

- Persoas Colexiadas.
- Persoas Pre-colexiadas: alumnado que está a cursar o Grao en Traballo Social.
- Persoas non colexiadas que desexan recibir formación específica neste eido.

5. METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS

A metodoloxía proposta basease na autoaprendizaxe e a experimentación que leven a unha reflexión que permita o desenvolvemento do crecemento persoal, partindo do propio xa existente. Mestúranse coñecementos teóricos e prácticos para xerar o pensamento interno, desde a persoa cara a sí mesma e cara a súa relación cos demais.

Proporanse actividades que leven a situacións que se puideron vivir ou poden acontecer nun futuro profesional, xerando unha reflexión persoal respecto ao tema, a análise da información e o desenvolvemento de ferramentas persoais prácticas e metodolóxicas.

Buscarase, ademais, aprender a estar mellor coas nosas actuacións persoais, tanto nun ámbito máis privado como aqueles máis profesionais.

3

Os recursos didácticos que se aportarán para desenvolver os contidos serán, entre outros:

- Material Didáctico, como soporte teórico onde se exporán os contidos máis relevantes de cada módulo.
- Material de Apoio: Lexislación, artigos, referencias bibliográficas, páxinas web onde ampliar os contidos aportados.
- Material audiovisual: Vídeos e imaxes que axuden a ampliar a información acerca dos contidos que se irán impartindo.
- Foro: Como lugar de debate e participación. Nunha formación de empatía emocional se terá en conta a participación neste como punto de encontro entre as persoas participantes.

6. CALENDARIO/PLANIFICACIÓN

A duración do curso será de 50 horas. Desenvolverase desde o 16 de setembro o 31 de Outubro atendendo á seguinte calendarización:

Módulo	Datas	Avaliación
I: Intelixencia Emocional. Definición e principios básicos.	16 a 20 setembro (5 horas)	– Test final do módulo. – Foro
II: Coñecemento persoal. Situación persoal e profesional. O síndrome do queimado e as estruturas das entidades.	21 a 27 setembro (10 horas)	– Test final do módulo. – Foro – Caso/s práctico. Traballo persoal
III: As persoas usuarias e a súa bagaxe	28 setembro a 4 outubro (10 horas)	– Test final do módulo. – Foro – Caso/s práctico.
IV: Código Deontolóxico. Aspectos onde máis se debe desenvolver a Intelixencia Emocional.	5 a 15 outubro (15 horas)	– Test final do módulo. – Foro – Actividade grupal
V: Como pode encaixar a intelixencia emocional no noso Código. Camiñando xuntos para acadar a excelencia persoal e profesional.	16 a 31 outubro (10 horas)	– Test final do módulo. – Foro – Actividade grupal

7. AVALIACIÓN

4

O sistema de avaliación será continua, polo que o alumnado será avaliado en canto a criterios que respondan a:

- Actitudes. Participación e interese amosado nas distintas actividades que se irán subindo á plataforma así como no desenvolvemento das mesmas, sendo o criterio fundamental que se vaia observando a integración dos contidos expostos.
- Aptitudes. As actividades de avaliación realizadas con éxito, alomenos un 70% do total.

8. EQUIPO DOCENTE

Emma María Seoane Uzal. Col. 1057

Traballadora Social con máis de 20 anos de experiencia laboral en Programas de Intervención conveniados coa Xunta de Galicia, desenvolvendo a actividade principal con familias, menores e adolescentes en Entidades de Adopción Internacional (ADECOP), Acollemento en Familia Allea (Cruz Vermella), Acollemento en Familia Extensa (Aldeas Infantiles SOS GALICIA). Experiencia como funcionaria laboral durante tres anos e medio, na Administración Local, Concello da Coruña, no servizo de Atención Primaria, SIVO (Servicio de Información, Valoración y Orientación).

Pograo (201-2015) e Mestrada (2015-2016) en Intervención e Coidado Familiar dende a perspectiva sistémica, na UIIF de Ferrol. Universidade da Coruña.

Impartición de cursos como docente:

- Cursos de “Auxiliar de Axuda a Domicilio” para o Fondo Social Europeo e Cáritas.
- Seminario para o IMELGA, “O menor vítima do delito”
- Charlas en centros escolares sobre “Tipoloxías de familias actuais. Novas realidades”

Certificado de formadora da Xunta de Galicia na “Formación Profesional para o Emprego”. Participación na Comisión de Infancia e Familia do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, dende xaneiro do 2020, e nomeada coordinadora da mesma, en novembro do mesmo ano.

9. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Ref. Bibliográfica 1: Constitución Española, 1978

Ref. Bibliográfica 2: Código Deontolóxico do Traballo Social. Consejo General do Traballo social

Ref. Bibliográfica 3: Richmond, Mary E. (1917) “*Diagnóstico Social*”

Ref. Bibliográfica 4: Richmond, Mary E (1922) “*El caso social individual*”.

Ref. Bibliográfica 5: Goleman, Daniel (1995) “*Inteligencia Emocional*”

Ref. Bibliográfica 6: Maurice, J. Elias (1999) “*Educación con Inteligencia Emocional*”

Ref. Bibliográfica 7: Bermejo, Francisco J. y De la Red, Natividad (1996) “*Ética y Trabajo Social*”

Ref. Bibliográfica 8: Morin, Edgar (1990) “*Introducción al pensamiento complejo*”.

Ref. Bibliográfica 9: Bradberry y Greaves Jean (2009) “*Inteligencia Emocional 2.0*”

Ademais incluírse en cada módulo aquela que poda ser de interese para consultar.

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA



981 568 100



Rúa Dublin, 6
15707 Santiago de Compostela | A Coruña



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia